

JOSÉ ERNESTO DÍAZ NORIEGA CURTAMETRAXES

1279

José Ernesto Díaz Noriega, 1935-1974

ESTREA EN NUMAX: 25.04.2024 | V.O.. | 99 min

José Ernesto Díaz Noriega é unha figura esencial do amateurismo español e do cinema feito en Galicia nos anos 60 e 70. Achegamos unha selección de curtas recentemente restauradas por diferentes arquivos e filmotecas.

Esta sesión celébrase en colaboración coa Filmoteca de Galicia, Filmoteca Española, Elías Querejeta Zine Eskola, Julia Díaz-Noriega Villaba e Lost & Found Films.

A sesión, incluída no ciclo "Cinema, rexistro vivo da nosa memoria", será presentada por Carolina Cappa, restauradora, arquivista e responsable da recuperación de parte dos filmes de Díaz Noriega, e Marta Pérez Pereiro, doutora e profesora de Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago de Compostela.

Pezas incluídas na sesión:

- "Las ninfas de la charca" (1935 | 6 min)
- "Revista 8" (Apuntes del 36 al 39) (1939 | 36 min)
- "Trailer (Banderas victoriosas)" (1939 | 3 min)
- "Os suevos" (1974 | 53 min)



Unha cinematografía seria

Por Marta Pérez Pereira

A mostra de humor máis potente, ideolóxica e transgresora, é parte da produción amadora, da man do catalán afincado en Galicia José Ernesto Díaz Noriega ou JEDN. Ademais de “cineísta”, que era o nome que se daban a si mesmos os amadores cataláns, JEDN convertiuse nun mestre de cinema para toda unha xeración de mozos que querían facer filmes, tal e como recorda Miguel Castelo. Castelo lembraba nunha entrevista publicada n’A Cuarta Parede que Díaz Noriega non “estaba especificamente interesado na construción dun cinema nacional” senón que era un “permanente escrutador da realidade e un inventor de gags”. A súa produción, que comeza xa en 1935, coa curtametraxe *Las ninfas de la charca*, mantense ata finais da década de 1970. Aínda que entre a produción de JEDN hai imaxes tan serias como as tomadas nun cárcere franquista, despois “recuperadas en 2005 polo cineasta húngaro Péter Forgács dentro do proceso de realización *El perro negro: Stories from the Spanish Civil War* (2004)”, tal e como indica Xan Gómez Viñas, a meirande parte da súa produción está constituída por pezas cómicas. Os seus filmes teñen un fío argumental mínimo, que serve para crear unha estrutura dramática, pero o máis relevante do seu xeito de traballar o humor visual é a continua inserción de gags, herdeiros das trucaxes de Meliès, o uso do humor verbal e de referencias da cultura popular, tiradas da música e da publicidade e da linguaxe política da época, e a súa homenaxe ao “Lubitschtouch”. O de JEDN é un humor irreverente, disparatado, feliz e sarcástico, todo a un tempo, que manexa múltiples recursos para conseguilo, desde trucos visuais a, sobre todo, manipulacións na montaxe e na dobraxe de voces.

A valentía da súa proposta cómica fíxolle colleitar éxitos como o premio á mellor obra amadora no Festival de Curtametraxes de Cannes por *El cine amater* (1965). Interpretada por el mesmo, a peza, rodada en Super 8, explica o proceso de creación dun filme amador. A banda sonora é un chotis con versos como “para hacer cine amateur / el aparato no has de mover”, mentres que nas imaxes, rodadas na cidade da Coruña e no domicilio do autor, se insertan fragmentos feitos coa técnica do stop motion.

(...) Outro dos filmes máis logrados de JEDN, *Os suevos* (1974), tivo problemas co poder. Xunto con outras pezas, foi secuestrada pola gobernación civil unha vez rematadas as Terceiras Xornadas de Cine de Ourense, onde fora exhibida. Unha vez máis, o humor incómodo cos poderosos de Díaz Noriega chamou a atención, desta volta xunto con outros filmes coetáneos. *Os Suevos* relata a crise de parella de Andrés e Mary Carmen, o matrimonio Suevos, filmada para celebrar o seu 25 aniversario, pero este é un simple pretexto para facer un retrato cómico do seu entorno vital, do traballo de Andrés nun departamento do Ministerio de Agricultura, poboado de personaxes como os inmobiliarios, que JEDN amosa conxelados na imaxe, ou o ambiente da universidade, á que Mary Carmen accede na cota de maiores de 25 anos, o que provoca o seu distanciamento do marido. Os numerosos gags visuais do filme, de novo, inspirados na cultura popular e na comedia cinematográfica clásica e primitiva, son disparos en todas as direccións: os hippies, os burócratas ou mesmo os cineastas galegos, representados polo medio dun personaxe que, no inicio do filme, censura a escena “pequenoburguesa” que JEDN está rodando son “vítimas” da agudeza do ollo de JEDN para tirar o humorístico da súa vida social. O filme, rodado case integramente en galego, amosa mesmo o conflito lingüístico cando Mary Carmen berra con Andrés por falarlle en galego á filla: “Un bico no, un beso!”.